

INFORMACIÓN E REGULAMENTO

TRAIL 500 VERTICAIS PICO MURALLA – CONCELLO DE RIANXO

Artigo 1.

A Asociación Barbantia Roda e o Concello de Rianxo organizan a primeira edición do **TRAIL 500 VERTICAIS RIANXO PICO MURALLA – CONCELLO DE RIANXO**, coa finalidade de promover esta modalidade deportiva e fomentar hábitos vida saudables.

A proba non é federada.

Artigo 2.

A proba celebrarase o 24 de abril, domingo, sendo a saída da categoría absoluta ás 11 h. A distancia é de 6 km. cun desnivel acumulado de 530 m.

Artigo 3. Sedes e Programa

Sede 1.

Área Recreativa de Campo Maneiro (Taragoña) e pavillón Municipal.

- **9 h.** Entrega de dorsais e vestiarios.
- **10:15 h.** Traslado aos corredores á sede 2.
- **Fin da proba (13 h. aprox):**

Vestiarios, duchas, avituallamento final e entrega de trofeos

Sede 2.

Lugar da Hermida (Araño)

- **11 h.** Saída da proba

Sede 3.

Alto do Pico Muralla (Araño)

- Chegada e traslado á sede 1 ao remate da proba.

Artigo 4. Participación e categorías

Poderán participar todos aqueles corredores/as que así o desexen e para poder optar a algún dos premios, será condición indispensable ter rematado a carreira.

As categorías serán as seguintes:

- Promesa 1996 - 1995 - 1994
- Sénior 1993 - 1972
- Veteranos 1971 e anteriores.
- Parella mixta Categoría única. A partir de 1996
- Parella feminina Categoría única. A partir de 1996
- Parella masculina Categoría única . A partir de 1996

Artigo 5. Inscricións

Prazo:

Ata o xoves 21 de abril de 2016 ás 24 h. Non se aceptarán inscricións fora de prazo ou con datos incompletos.

Onde:

emesports.es,

Prezo:

6 € nas categorías promesa, sénior e veteranos.

Límite prazas: Non se establece límite de prazas.

Artigo 6. Clasificación e trofeos

As reclamacións ós resultados oficiais da carreira, deberán formularse verbalmente á Organización , non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da RFEA en vigor para cada caso. A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.

serán motivo de descualificación:

- Correr co dorsal doutra persoa.

- Non estar inscrito na proba e participar na mesma.
- Realizar a inscrición alterando os datos
- Non atender as indicacións da organización.
- Manifestarse con conduta antideportiva e/ou contra o medio.

Recibirán **trofeo** :

1. Os tres primeiros clasificados de cada categoría feminina e masculina.
2. O primeiro e primeira corredor/a local.
3. O corredor e corredora mais veteranos.

Artigo 7. Servizos

Servizo de gardarroupa

Pavillón polideportivo Municipal de Taragoña

Vestiaros e Duchas

Pavillón polideportivo Municipal de Taragoña

Publicación Resultados

emesports.es

concelloderianxo.gal

Artigo 8. Información

Mais información ou calquera dúbida relacionada coa organización da proba poderán chamar aos teléfonos **629869217** e **679817015**.

Artigo 9. Outras consideracións

Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de apoio. A non observancia desta norma implicará a descualificación dos atletas acompañados.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación no mesmo.

A organización e os seus colaboradores non se fan responsables dos danos morais ou materiais que a si mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nas carreiras.

En caso de cancelación do evento por causas alleas a organización, non se devolverá o importe da inscrición.